

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006742	IES Concepción Arenal	Ferrol	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	6
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado nunha zona urbana: Ferrol. A área de Ferrol ten maior densidade de poboación que a media galega, pero na actualidade atópase en declive demográfico; ten unha relevancia económica similar á media galega, con clara especialización industrial, e con menor desenvolvemento empresarial autóctono, peor situación do mercado laboral (desemprego) e con menor dotación de servizos básicos de benestar social.

O grupo seleccionado de 2º ESO, está composto por 77 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 13 e os 14 anos.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aprendo a investigar	Nesta unidade se presentarán as fases polas que debe pasar unha investigación e se axudará ós alumnos a tomar conciencia das habilidades que require cada etapa da investigación.	30	11	X		
2	Elaboro o meu traballo	Nesta unidade falarase da búsqueda de información e da redacción da información. Tamén da importancia da elaboración dun guion, a bibliografía e cómo citar a documentación.	40	13		X	
3	Expoño o meu traballo	Nesta unidade os alumnos aprenderán a expoñer un traballo empregando as novas tecnoloxías.	30	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aprendo a investigar	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.	PE	40
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da elección do tema do traballo de investigación.	TI	60
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a elaboración do traballo de investigación.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporización.

UD	Título da UD	Duración
2	Elaboro o meu traballo	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.	PE	20
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Executar as actuacións planificadas.	TI	80
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Expoño o meu traballo	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación do prexecto ou traballo de investigación.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal correcta e clara buscando a eficacia comunicativa.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo un proxecto de libre elección, orientado polo profesorado, coa finalidade de que o alumnado aprenda a elaborar un traballo de investigación.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. A finalidade é fomentar o interese pola lectura, a cultura e a arte, así como desenvolver a confianza, autoestima, autonomía e traballo en equipo. O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumno adopte un rol concreto e asuma tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN explicarase cómo elaborar un traballo de investigación, as diferentes fases do mesmo.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN levarase a cabo a selección e redacción da información, así como a elaboración dun guión e dunha bibliografía.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN o alumnado fará a exposición dos seus traballos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador.
Emprego da biblioteca do centro para a búsqueda de información.
Libros, revista e fotografías.
Programas informáticos de edición de texto, fotografía e vídeo.
Caderno de traballo ou portfolio.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cunha pizarra dixital e outra tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Parte das sesións serán levadas a cabo na aula de informática onde os grupos buscarán a información correspondente e comezarán a redactar as súas propostas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	40	30	100
Proba escrita	40	20	0	20
Táboa de indicadores	60	80	100	80

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación das fases de elaboración dun taballo de investigación.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Traballo en equipo. Participación activa. Búsqueda de información. Redacción da información.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Exposición do traballo.

Como instrumentos de avaliación empregaranse como táboas de indicadores de logro: unha proba práctica sobre as fases de elaboración dun traballo de investigación, así como listas de cotexo e rúbricas asociadas aos procedementos. Nestas rúbricas avalíaranse aspectos como: o traballo cooperativo ou a realización de tarefas individuais, elaboración do traballo (elección do tema, guiión, selección da información, redacción, ortografía, presentación e bibliografía), exposición do traballo de investigación (verbalización, dominio do espazo, uso de novas tecnoloxías).

A nota da avaliación final vén dada pola seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: $NOTA\ 1^{\text{a}}\ \text{avaliación} \times 0.25 + NOTA\ 2^{\text{a}}\ \text{avaliación} \times 0.35 + NOTA\ 3^{\text{a}}\ \text{avaliación} \times 0.40$

Criterios de recuperación:

No caso de que o alumno non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo, dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que o alumno teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao alumnado que durante este curso académico esté en terceiro ou cuarto da ESO con esta materia pendente, se lle exixirá o mesmo grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación que ao alumnado que cursa a materia por primeira vez.

Este alumnado, deberá facer e entregar un proxecto de temática libre. De este modo:

- Na primeira avaliación entregará un dossier coa planificación e escolla da temática do proxecto.
- Na segunda avaliación amosará as distintas fases de execución do proxecto.
- Na terceira avaliación presentará o proxecto final.

Como instrumentos de avaliación empregaranse táboas de indicadores de logro: elaboración do traballo (elección do tema, guiión, selección da información, redacción, ortografía, presentación e bibliografía), exposición do traballo de investigación (verbalización, dominio do espazo, uso de novas tecnoloxías).

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos con necesidades educativas específicas as actividades serán deseñadas de xeito que se facilite o desenvolvemento do proxecto. Igualmente, prestaráselles unha maior atención na aula, estando pendentes do seu desempeño así como da consecución das tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que, a medida que avance o curso, poidan detectarse necesidades individualizadas noutros alumnos, establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outro lado, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras que supoñan un maior desafío na búsqueda de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X		X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X		X
ET.4 - Competencia Dixital	X		X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X	

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación na semana cultural.	Difusión informativa do proxecto.			X

Observacións:

Presentación do proxecto no salón de actos para todo o alumnado do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nos correspondentes seguementos electrónicos (PROENS) da programación. Farase tamén unha avaliación trimestral dos indicadores de logro, sinalados no apartado de procedementos de avaliación, que coincidirá coas xuntas de avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens.

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Reunións trimestrais do equipo docente.
- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Realizaranse propostas de mellora. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:

- O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
- A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
- A proposta de probas de avaliación de distinta dificultade.
- O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.

9. Outros apartados